

O SOL E AS ESTACIÓNS

A Terra tarda **un ano** en dar unha volta
arredor do Sol.

Esta volta da Terra arredor do Sol fai que teñamos
catro estacións.

As catro estacións son estas:

primavera

(uns días de marzo, abril, maio e uns días de xuño),

verán

(uns días de xuño, xullo, agosto e uns días de
setembro),

outono

(uns días de setembro, outubro, novembro
e uns días de decembro),

inverno

(uns días de decembro, xaneiro, febreiro
e uns días de marzo).

Un ano son **365 días**, que están repartidos en **12 meses**.

Cada estación dura uns 3 meses máis ou menos.

1) Canto tempo tarda o noso planeta en dar unha volta arredor do Sol? Tarda ____ ano.

2) Cantos días ten un ano? Un ano ten ____ días.

3) Cantos meses ten un ano? Un ano ten ____ meses.

4) Cantas estacións hai ? Hai _____ estacións.

5) Cantos meses dura cada estación, máis ou menos?

Cada estación dura uns _____ meses.

6) Escribe o nome das catro estacións.

As catro estacións son _____, _____,
_____ e _____.